

DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

CERTIFICO: Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 29 de setembro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“12. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DIARIO DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS/AS DE FERROL ÁS FACULTADES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NOS CAMPUS DA CORUÑA E VICEVERSA. BONO BUS UNIVERSITARIO CURSOS ACADÉMICOS 2022-2023 E 2023-2024. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2022035461). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Educación, que textualmente di:

“Pola xefatura de servizo de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Turismo realizouse un informe-proposta que textualmente establece:

“Con data 5 de decembro de 1990 asinouse por primeira vez un convenio de colaboración e cooperación entre o Concello de Ferrol e a Universidade da Coruña co obxecto de regular as bases de cooperación económica entre as ambas entidades para o establecemento de axudas económicas ós/ás estudantes empadroados no Concello de Ferrol que cursan estudos nas Facultades e Escolas dependentes da Universidade da Coruña con sede na devandita cidade.

Esta colaboración económica mantívose no tempo a través de sucesivos convenios e prórrogas, aprobándose o último convenio por resolución do concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas do día 23/07/2021 para o curso 2021-2022 prorrogado para o curso 2022-2023 por resolución do dito concelleiro de data 15/07/2022, correspondente ó 30% da súa aportación unha vez aprobada a liquidación polo Concello.

Paralelamente, o Excmo Concello de Ferrol realiza, con carácter anual, unha convocatoria de axudas para o bono bus universitario para o estudantado empadroadado en Ferrol e matriculado na Universidade de A Coruña, nos campus de A Coruña, que non superen determinados umbrais de renda que se establezan na convocatoria e cumpran as restantes condicións establecidas nela.

O pago destas axudas se realiza mediante unha bonificación ao beneficiario/a, do 50% do importe do bono no traxecto Ferrol-A Coruña-Ferrol, (30% aportación da Universidade e 20% aportación do Concello) correspondente aos períodos de curso académico (clases, exames,...) sinalados no calendario oficial da Universidade da Coruña que se lle paga ós/ás beneficiarios/as previa xustificación dos gastos.

Partindo de ditos antecedentes, pola concellería delegada da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas, ordenouse a tramitación do expediente correspondente as bases que rexerán a convocatoria pública de axudas para o transporte diario de estudantes universitarios/as de Ferrol ás Facultades da Universidade da Coruña nos Campus da Coruña

para os cursos académico 2022-2023 e 2023-2024, consistentes na subvención do 50% do importe do bono de transporte, ó que a UDC contribúe co 30% e o outro 20% o asume o Concello.

En execución de dita orde, iníciase o trámite en Cividas do expediente 2022035461, no que se incorporan, as bases.

Consideracións xurídicas:

Nos termos do artigo 2 da lei 38/2003, lei reguladora de subvencións, as referidas axudas teñen o carácter de subvención.

Polo que se refire ás bases reguladoras das mesmas, o artigo 17.2 da citada Lei, esixe que: “As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.”

Neste senso, o Concello de Ferrol, na súa sesión plenaria do 15/10/2019 aprobou definitivamente a Ordenanza xeral de subvencións.

Por último o contido das bases está definido no punto 3º do xa citado artigo 17 da Lei 38/2003, incorporándose ao expediente as ditas bases axustadas ao ordenamento xurídico vixente.

Neste senso propónse a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar as Bases específicas que rexerán a convocatoria pública de axudas para o transporte diario de estudantes universitarios/as de Ferrol ás facultades da universidade da Coruña nos campus da Coruña e viceversa . Bono bus universitario cursos académicos 2022-2023 e 2023-2024.

Segundo.- Corresponderá ao concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas a aprobación mediante resolución da convocatoria pública do programa de subvencións referida nos acordos anteriores, así como a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións”.

Remitido o citado expediente á Comisión Informativa, este emite dictame favorable.

Atendendo a todo elo elévase ao Pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar as Bases específicas que rexerán a convocatoria pública de axudas para o transporte diario de estudantes universitarios/as de Ferrol ás facultades da universidade da Coruña nos campus da Coruña e viceversa . Bono bus universitario cursos académicos 2022-2023 e 2023-2024.

Segundo.- Corresponderá ao concelleiro delegado da Área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas a aprobación mediante resolución da convocatoria pública do programa de subvencións referida nos acordos anteriores, así como a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións”.

Previa deliberación a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres/as asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita”.

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE